

CIG-SAÚDE *informa*

COMISIÓN CENTRAL DE CONTRATACIÓN DE 15 DE MARZO DE 2018.

1. Previsións de publicación de listas:

Mes de marzo:

- Listas definitivas de Técnicos/as superiores sanitarios/as , TCAEs e Técnicos/as en Farmacia

Mes de abril:

- Listas provisionais de enfermeira/, enfermeira/o especialista en saúde mental, enfermeira/o especialista do traballo, matrona, pediatra de atención primaria, médico/a de familia e de urgencias hospitalarias.
- Listas definitivas de enfermeira/o especialista en familiar e comunitaria.
- Listas provisionais de PSX, mecánico/a, calefactor, condutor/a, electricista e fontaneiro/a

Mes de maio:

- Listas definitivas de enfermeira/, enfermeira/o especialista en saúde mental, enfermeira/o especialista do traballo, matrona, pediatra de atención primaria, médico/a de familia e de urgencias hospitalarias.
- Listas provisionais de psicólogo/a clínico/a, farmacéutico/a de atención primaria, fisioterapeuta, logopeda, médico/a asistencial do 061, médico/a coordinador do 061, médico/a de familia e de urgencias hospitalarias, odontólogo/a de atención primaria, terapeuta ocupacional e traballador/a social.

Mes de xuño:

- Listas definitivas de PSX, mecánico/a, calefactor, condutor/a, electricista e fontaneiro/a

CIG-Saúde solicitamos que se publicase neste trimestre as listas de enfermeira/o especialista en pediatria.

2. Enfermaría especialista en familiar e comunitaria.

A Administración informa que unha vez estea publicada a lista de enfermeira/o especialista en familiar e comunitaria, se procederá a ofertarlle as coberturas das 10 prazas orzamentadas desta categoría e aquelas que no futuro se vaian reconvertindo nas distintas xerencias.

CIG-Saúde esiximos coñecer a localización desas DEZ prazas, sen que nos desen ningunha resposta.

3. Rogos e preguntas.

- **CIG-Saúde** denunciámos o abuso por parte dalgunha xerencia no referente á prestación de cobertura das áreas especiais, limitando o acceso aos contratos da lista xeral.
- **CIG-Saúde** solicitamos, que no referente á penalización por non contestar o teléfono de chamamento se fan chamadas seguidas sen cumprir os 15 minutos entre chamadas e que o programa informático rexistre tan só unha chamada. Quedaron en valoralo.
- **CIG-Saúde** esiximos que a constitución do grupo de traballo para a análise e proposta de contratación da xestión de chamamentos e vinculacións temporais, acordado na sinatura do convenio de contratacións. Esiximos tratar aquí o abuso dos acúmulos de tarefas, do 3º uso que se fai do pool, do tratamento da maternidade nas contratacións, entre outros moitos aspectos que se reflicen no convenio de contratacións e que se reflicen no convenio de contratacións.

